



VG/rgl

En data 2 de marzo de 2023, Don Pablo Amenedo Bermúdez, en representación do Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (SEPGA) presentou solicitude de adhesión deste sindicato ao "Acordo para a ordenación e mellora da prestación de Servizos Veterinarios no ámbito da Xunta de Galicia".

Infórmolle que os 4 sindicatos (C.I.G., CC.OO., C.S.I.F. e U.G.T.) contestaron conxuntamente, nun documento asinado o 30 de outubro de 2023, ao mesmo co seguinte:

"En resposta ao escrito remitido por esa Subdirección Xeral ao respecto solicitude de adhesión de SEPGA ao "Acordo para a ordenación e mellora da prestación de Servizos Veterinarios no ámbito da Xunta de Galicia", as catro organizacións sindicais consideramos que:

A posibilidade de adherirse ou non a un Acordo ou Convenio Colectivo ven derivado da lexitimidade do sindicato para poder negocialo con base ao determinado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O tipo de organizacións sindicais que teñen dereito a negociar son aquelas que teñen a condición de máis representativas en base aos artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, así como aquelas que teñen representación directa no ámbito concreto ao que afecta o convenio-acordo.

No caso do SEPGA, este sindicato, entendemos que non cumpre os requisitos de representatividade legal nin ten potestade negociadora nese ámbito xa que o Acordo para ordenación e mellora de prestación de servizos veterinarios oficiais da Xunta de Galicia foi negociado e aprobado no marco da Mesa Xeral de Empregados Públicos".

O que lle comunico aos efectos oportunos.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

SINDICATO DE EMPREGADOS PÚBLICOS DE GALICIA (S.E.P.G.A.)

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781-Santiago de Compostela

Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

